

## Nin un paso atrás, as mulleres non podemos perder dereitos.

Con este rotundo lema, a Coordinadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres da Galiza, queremos concluir a mañá do 8 de marzo, a campaña iniciada a finais de xaneiro, entregando nos xulgados das cidades galegas as autoinculpacións por termos practicado abortos ou acompañado a algunha muller a facelo, campaña que tanto mulleres como homes están a asinar en todo o noso país. Contamos con comunicados de apoio á nosa acción das Mulleres portuguesas, da Coordinadora Europea da MMM e do Comité Internacional da MMM.

Sabemos que este 8 de marzo non é un 8 de marzo para estamos contentas, en vésperas dunhas eleccións estatais a data quedará solapada nunha xornada de reflexión, na que as nosas accións non pasarán de ser algúns actos nas grandes cidades galegas pola tarde.

Con todo, non nos rendemos e seguimos a traballar no que será o VII Encontro Internacional da MMM que

se celebrará do 14 ó 19 de outubro na Galiza. Neste encontro mulleres chegadas de todas as partes do planeta visitarán o noso país, para máis unha vez poñer de manifesto a nosa causa común: Eliminar a pobreza e as causas da violencia contra as mulleres.

Os puntos clave deste VII Encontro estarán na reflexión e no debate en torno aos catro eixos fundamentais do Plano Estratégico da MMM para os anos 2006-2010:

- Paz e antimilitarismo.
- Ben común e acceso aos recursos.
- Violencia contra as mulleres,
- Traballo das Mulleres.

Neste encontro, ao realizármolo no ecuador do actual Plano Estratégico, teremos que facer balance das accións e obxectivos acadados. Aínda así, o campo

de acción "Ben Común e Acceso aos Recursos" será o centro da maior parte dos debates, que rematarán nun foro aberto na cidade de Vigo sobre a Soberanía Alimentaria, concepto co que as comunidades e os pobos englobamos os dereitos a decidir sobre a nosa alimentación e a nosa agricultura, e non como acontece até o de agora, que están en mans do FMI, a OMC e o BM.

A rede feminista mundial da MMM, loita por mudar o mundo dominado polo capitalismo e o patriarcado, que son inseparábeis e se reforan mutuamente na globalización neoliberal. As mulleres da MMM somos conscientes de que facemos parte dunha forza mundial que percorreu a historia nas súas loitas contra a opresión, e que hoxe fai fronte ao empobrecemento e á violencia sexista, que tomaron formas e magnitudes inéditas. Desde aquí construímos unha axenda que cuestiona estruturalmente o modelo neoliberal.

Para ver...

Buda as sharm forukht / Buda estoupou por vergoña  
Hana Makhmalbaf



Unha nena afgana de seis anos desexa ir á escola como fai o seu veciño de cova, un cativo que está aprendendo a ler. Antes de nada, debe mercar un caderno, e polo tanto conseguir os cartos que non ten. Emprende ela soa un percorrido pola súa vila, Bamiyán, coñecida polas estatuas de Buda que destruíron os talibáns. Atopease en situacións que permiten albiscaar a realidade do seu país, chegando a escena clave da película, na que un grupo de nenos xogan a ser talibáns e amagan con lapidala. A película, dirixida pola iraní Hana Makhmalbaf, de dezaseis anos, e con guiño da súa nai, é unha denuncia conmovedora da situación que viven as mulleres neste país, onde para poder seguir con vida, deben previamente "morrer".

GRBAVICA  
Jasmila Zbanic

Esma, a nai de Sara, unha nena de doce anos no Saraxevo actual, sempre dá largas á súa filla cando esta lle pide que lle fale do seu pai. Este non saber do seu pai pasa a primeiro plano na relación entre a nai e a filla cando Sara ten que entregar un certificado de que o seu pai é un "shahid", un mártir da guerra, para obter un desconto nunha viaxe do colexio. Cando Sara descubre que a súa nai paga a viaxe completa, enfrontase a ela, e Esma, perdendo o control, revélalle que prefiu nun campo de prisioneiras, logo de múltiples violacións. A pesares da dor que provoca esta revelación, a relación entre a nai e a filla farase menos ambigua, e suporá o primeiro paso que Esma dá para afrontar o trauma vivído.



Para ler...

Aquel Lugar  
Antia Nara

Unha rapaza galega está fascinada desde nena co Paquistán, até o punto de que xa universitaria, decide facer un traballo de investigación nese país. Escolle como asunto o karo kari, unha práctica pola que desaparecen, asasinadas polos seus familiares varóns, mulleres que, por non se axustaren ao estrito código moral que se lles impón, deshonran a familia. A motivación que a leva a escoller este tema é o intento de entender cousas que lles pasan a mulleres do lugar de onde ela procede, "unha aldea remota localizada en ningures". Con este ollar achégase á historia de mulleres paquistanas que viven inmersas en opresivos entornos rurais, e doutras, como a súa amiga Talat, que vivindo dacadalo entre o mundo rural e o urbano, coñecerá a tensión entre a liberdade e o control social. A amizade entre a protagonista galega e a moza paquistani medra á calor desda experiencia compartida de vivir entre dous mundos en tensión, experiencia incomprensible para as mozas urbanitas.



Antia Nara ofrécenos, sen banalizar as diferenzas con Paquistán, unha mirada lúcida, arredada doutras máis compracentes, sobre aspectos da nosa sociedade, especialmente no rural, en que as vivencias das mulleres están moi lonxe de xustificar ningún tipo de mirada conmisericordia sobre as mulleres doutras culturas.

Las cosas que le gustan a Fran  
Berta Piñán



A editorial Hotel Papel inicia a colección Violeta Infantil buscando dar resposta a unha demanda de libros para educar en igualdade, lamentablemente escasos. Herdeira de iniciativas anteriores como a colección de contos "A favor de las niñas", aspira a publicar libros en que as nenas son as heroínas e non as princesas, nin as amigas boas que axudan pero ás que nunca se lles ocorren as ideas. Contos en que os nenos xogan ás comiditas, ou son tímidos e pouco activos, en que seguen a unha nena nas súas aventuras, en que os príncipes son salvados polas princesas... A colección asume que na meirande parte dos contos atopamos unha imaxe moi estereotipada das

personaxes femininas e masculinas, que ensinan aos nenos e nenas como deben de ser e comportarse daccordo co seu sexo, conseguindo non só reflectir a realidade que nos rodea, senón contribuíndo a que a desigualdade se mantéña. Contos como "Las cosas que le gustan a Fran" son imprescindibles para que todas as nenas e nenos sintan que hai máis familias como as súas, cando a súa non se axusta ao modelo estándar da nosa sociedade. Unha realidade dabondo coñecida, pero aínda non recoñecida en moitos dos ámbitos desde os que se lexitan e validan uns modelos por riba doutros, privilexiando aqueles que se axustan á norma.

A conquista da escola de Madhubai  
Hélène Cixous



Baseada na vida da mítica Phoolan Devi, a conquista da escola de Madhubai narra a historia dunha muller india, Sakundeve, xefa dunha banda de bandidos e saltadores, que volta á casa materna para reflexionar se se entrega ou non ás autoridades. Sakundeve, muller da casta dos intocábeis, o último chanzo dun sistema social estratificado, o máis baixo e desprezável, foi vendida polo seu pai cando só tiña once anos, violada e repudiada polo seu home, vítima dunha violación colectiva, da miseria e de múltiples vexacións: decide entón tomar a xustiza pola man, como no poema rosaliano, nun mundo en que a xustiza dos homes deixa á marxe ás mulleres, detentoras da "honra da familia", vítimas da dupla discriminación por

condición social e por sexo. Mais Sakundeve pacta e negocia intelixentemente a súa rendición, desde a solidariedade, sendo unha das súas condicións a apertura dunha escola para rapazas en Madhubai, a súa aldea natal. Ao tempo do sangue sucede o tempo do diálogo. Hélène Cixous reflexiona neste libro acerca da cuestión da diferenza, desde o respecto a todas as diferenzas, como única vía para superar o patriarcado e a violencia implícita neste, sendo a casa materna e o estreito vínculo de amor e amizade entre Pandala -a figura metafórica da nai- e a filla, Sakundeve, un espazo de sororidade e de amor entre mulleres, o único espazo en que é posíbel realizar a utopía.



2

Manifesto 8 de marzo 2008  
**Que non che poñan límites**

A situación laboral das mulleres está moi lonxe de alcanzar os niveis de igualdade que as leis nos recoñecen.

Calendario 2008

**Tempo de mulleres**  
**Mulleres no tempo**

Edición, por 4º ano consecutivo, con novas entradas de mulleres galegas.

Colaboracións

**Na complexidade de saber** por Laura Bugallo

3

Campaña  
**Coedquememos desde o nome**  
Asemblea de Mulleres do STEG pon en marcha unha campaña para mudar os nomes dos centros educativos galegos.

DE MEL

1ª Cimeira Continental de Mulleres Indíxenas

O 68,75% dos mellores expedientes académicos en Secundaria no ano 2007 foron de mulleres

E FEL

O dereito a abortar

As máis de 60.000 denuncias por violencia de xénero no ano 2007

4

MMM

**Nin un paso atrás, as mulleres non podemos perder dereitos.**

Manifesto da Marcha Mundial das Mulleres con motivo do 8 de marzo

**Para ver...** dúas propostas de pelis  
**Para ler...** tres interesantes libros

# Manifesto 8 de marzo 2008 Que non che poñan límites

Na actualidade, as mulleres somos conscientes dos problemas que nos encontramos, dos límites que se nos impoñen para avanzar, que veñen marcados principalmente polos roles e estereotipos existentes nas estruturas sociais e que inciden na nosa vida persoal e na nosa vida profesional. Sabemos que a situación laboral das mulleres está moi lonxe de alcanzar os niveis de igualdade que as leis nos recoñecen e a discriminación, tanto salarial como de promoción ou doutros tipos, está presente ao longo da vida laboral das mulleres.

Por todo isto, neste momento do proceso de loita pola igualdade, os límites que nos impiden chegar á igualdade real débennos levar, necesariamente, a reconquistar o vello lema: "a igualdade ante a lei non é igualdade ante a vida". O logro da igualdade efectiva dos dereitos legais non abunda para cambiar os costumes e estruturas da desigualdade. Para que a igualdade efectiva se consolide, é necesario recoñecer, determinar e facer visíbeis os límites que nos encontramos e descubrir de onde proceden, é necesario romper o teito de cristal, invisíbel e indelectábel, que impide ás mulleres avanzar nas súas carreiras profesionais, é necesario potenciar cambios radicais que transformen esta sociedade. Para o lograr,

É necesario eliminar os estereotipos sexistas de distribución das funcións sociais, as actividades formativas e profesionais, tanto desde a Escola como desde as familias.

É necesario educar para que os homes teñan un papel responsábel e de reparto de responsabilidades no ámbito familiar. É necesario concienciar aos homes e ás propias mulleres da importancia da coeducación.

É necesario emprender novas medidas no ámbito laboral, tanto na Administración Pública como no sector privado, obrigando a todas as empresas a impulsar medidas que favorezan a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e aos postos de responsabilidade.

É necesario buscar novas fórmulas na flexibilidade horaria que permitan conciliar a vida persoal, familiar e laboral, pois o fracaso das políticas actuais de conciliación son a principal causa da segregación laboral vertical que afecta ás mulleres e o principal problema para a incorporación das mulleres ao mundo laboral.

É necesario rematar coa lacra da discriminación salarial que sofren as mulleres, que reciben, principalmente no sector privado, o 70% do salario dos homes por igual traballo.

É necesario impulsar o "empoderamento" das mulleres, que potenciemos a autoestima, que nos creamos capaces de realizar calquera función e que esteamos na toma de decisións, tanto nas individuais como colectivas. É fundamental que o cambio xurda de nós mesmas, que nos vexamos capaces e lexitimadas para ocupar un espazo na toma de decisións.

É necesario continuar avanzando na loita polos nosos dereitos, pola despenalización do aborto e por unha nova Lei que elimine a inseguridade xurídica que a lei actual xerou. Ademais, é preciso avanzar na educación sexual dos/as mozos, así como o acceso libre aos métodos anticonceptivos e á anticoncepción de emerxencia.

É necesario abordar as causas profundas da desigualdade entre homes e mulleres e que dificultan o exercicio real da igualdade e a liberdade e, sen dúbida, remiténnos ao papel das mulleres na familia, na parella, na maternidade, na atención ás persoas dependentes, etc.

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG pensamos que os límites e obstáculos que impiden as relacións igualitarias non se derivan unicamente do recoñecemento legal de dereitos, implican un cambio máis profundo nas relacións entre homes e mulleres e un cambio profundo do papel das mulleres na nosa sociedade. Nese labor estamos e nesa dirección pulamos, na medida das nosas capacidades, desde todos os ámbitos aos que temos acceso.

## A situación laboral das mulleres está moi lonxe de alcanzar os niveis de igualdade que as leis nos recoñecen.


## É necesario recoñecer, determinar e facer visíbeis os límites que nos atopamos e descubrir de onde proceden

## O fracaso das políticas actuais de conciliación son a principal causa da segregación laboral vertical que afecta ás mulleres.

## É fundamental que o cambio xurda de nós mesmas, que nos vexamos capaces e lexitimadas para ocupar un espazo na toma de decisións.

## CALENDARIO 2008

Por cuarto ano consecutivo, desde a Asemblea de Mulleres do STEG, publicamos o calendario "Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo". Cada ano incluímos novas mulleres galegas, chegando nesta edición a unhas setenta entradas de mulleres e asociacións de mulleres do noso entorno. Atopamos especialmente satisfactoria a inclusión de numerosas galegas que sufriron a represión franquista, o exilio, as paseadas... todas elas doutrora excluídas da nosa memoria histórica.



Como xa é habitual, facemos a nosa proposta didáctica para cada mes, xirando todas as actividades arredor "do que escribiron as mulleres" ao longo da historia. Inspiradas en Olimpia de Gouges - "excluíronnos de todo poder, de todo saber, pero esquecéronse de quitarnos a posibilidade de escribir..." - propoñemos textos para traballar a deconstrución de roles sexistas, a discriminación laboral, o maltrato ás mulleres, a tan necesaria autoestima... Esperamos que os atopedes útiles.

## COLABORACIÓNS Na complexidade de saber

As mulleres trans traemos un senfín de definicións e vivencias singulares. Somos nós, as mulleres trans, dentro da diversidade de etnos, participantes da deconstrución do binomio sexo/xénero, do establecemento do continuum muller-home, no que as nosas manifestacións, as nosas existenciais interrogan aqueles conceptos que outrora foran deseñados e axiomatizados, como intento de derrube deste marco castrante e aniquilador da autodefinición, de vivir cadaquén con liberdade o desenvolvemento da propia identidade.

As mulleres trans somos parte da sociedade na que estamos circunscitas. Os nosos procesos son verdadeiros instrumentos para avaliar a saúde da nosa sociedade, deixó tan só unha nota que na anamnese inicial, a nosa sociedade ten síntomas claramente asociados. Unhas traen con elas modelos e responden a paradigmas máis conservadores e repetitivos do status quo social, outras xurdimos con anxeo e vocación de mudar, apostando por un outro mundo que con certeza ten que ser peiteado e entrelleido no feminismo.

Somos parte desa revolución iniciada xa antes, e que aínda fica pendente.

E non é unha pose, un ficar ben, sabemos nós que come propia o tratamento diferenciado que nós recibemos durante e posteriormente ao proceso, onde se nos foi tentando ignorar, na aparencia de home á existencia como muller. Estivemos nun primeiro vagón no comboio da sociedade, "pasamos" ou fóronnos illando, outras veces empurrando, a un segundo vagón e, dependendo en que momentos, coídamos que estivesemos ou estamos no da cola. Somos conscientes de ter camiñado.

Moitas veces lembro como experiencia significativa e significativa pasar de ser condutora a ser condutora, como á percepción que o tratamento que recibía era como se perdesse condicións e cualidades que antes posuía. Que dicir no mundo laboral, no quefacer político, onde os nosos traballos, as nosas praxes militantes, para temos o mesmo valor que antes tiñamos fai falta agora un dobre esforzo!

O noso camiño de reconstrución do presente arrinca do desexo, dese desexo que antes foi amedeñado, calado, silenciado, agochado, e que agrora coa forza dunha seiva, de folgos necesarios, para con forza precisa e constante, reconquistar e autodefinir a propia existencia. É un camiño de autoquerenza, de empoderamento, de benquerenza capaz de pór en consonancia o ser co existir muller. O enfrontamento social é froto do test da vida real, e mercé ao quiño das persoas queridas e amadas do colchón afectivo.

E doe, doe chegar, respirar, remozar os pulmóns, logo de dondear os nosos corpos, de declarar a nosa soberanía particular, de afirmar o paso no chan que camifamos, logo de ter apreixado o que ése e xa existes, para percibir e vivenciar que segue a estar vivente o que tempo atrás unha amiga me comentou, "as mulleres vivimos nun estado de sitio e, ás veces, con toque de queda".

Somos todas, cada unha de nós, as nosas entidades e colectivos, e os compañeiros que comprenden e comparten o noso empoderamento, e os Grupos LGBT no que algunhas estamos alineadas, e as mulleres inmigrantes, as que levan sinais das duplas e triplas discriminacións, somos todas desde a conciencia da nosa militancia que urxe, e non hai tempo que perder, un outro mundo, que afirmo e persevereiro que si é posíbel.

Laura Bugallo

# COEDUQUEMOS DESDE O NOME

A Asemblea de Mulleres do STEG pon en marcha unha campaña para mudar os nomes dos centros educativos galegos.

A Asemblea de Mulleres do STEG pon en marcha unha campaña para mudar os nomes dos centros educativos galegos.

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG vimos denunciando hai xa máis dun ano o negro androcéntrico que amosa a nosa educación a través dos nomes dos seus centros educativos, perpetuando así unha das prácticas máis efectivas e habituais de discriminación

cara as mulleres: a invisibilización.

Sabedoras de que o primeiro paso para afrontar un problema é ter conciencia da súa existencia, o curso pasado fixemos públicos os resultados da análise que realizamos sobre este aspecto, resultados que revelaban que tampouco existimos onde somos maioría. Neste curso propoñémunos como obxectivo pular para que esta situación, poñendo en marcha unha

campaña para que os centros educativos galegos amosen o seu compromiso real coa coeducación. Pensamos que, dado que é unha iniciativa que calquera centro pode secundar moi doadamente, o noso labor fundamental é tentar concienciar sobre a importancia de todas e cada unha das iniciativas que buscan que a igualdade de oportunidades sexa unha realidade para as xeracións que estamos a educar.

## coeduquemos desde o nome

*O nome dun centro escolar é a súa primeira tarxeta de presentación perante a comunidade da que forma parte, e debe servir ao labor educativo que se persegue nel. Somos conscientes de que o nome dun centro educativo actúa como referente legitimador e de recoñecemento social no seu entorno, polo que a escolla do mesmo debería ser obxecto dunha cuidadosa reflexión.*

*Desde a Asemblea de Mulleres do STEG consideramos especialmente importante a visibilización das numerosas mulleres que ao longo da historia foron, polos seus actos e as súas achegas, un estímulo para a súa xeración e para as posteriores. Consideramos que o sistema educativo é unha ferramenta valiosísima coa que construír unha igualdade real entre homes e mulleres, que infelizmente non sempre se emprega en toda a súa potencialidade.*

*Convidamos a toda a comunidade educativa a que contribúa neste esforzo coeducativo cambiando o nome do seu centro polo doutor das mulleres especialmente polo daquelas que estivesen vencelladas co entorno social do alumnado do centro.*

### por que?

#### Polos feitos...

...porque o 80% dos nomes dos centros educativos de Galiza son masculinos.

...porque no 53% dos centros que teñen nome de muller, trátase de personaxes relixiosas.

...porque dos centros que teñen nome dalgún docente, 44 son de varóns e 8 de mulleres... Se na nosa profesión se dá esta situación, que máis proba necesitamos da visión deformada da realidade que se transmite a través de algo tan aparentemente irrelevante como é o nome do centro?

...porque hai 50 centros con nome de varóns adicados a "outras profesións" (medicina, enxeñaría, matemáticas, arquitectura...) fronte a un só centro con nome de muller nesta categoría. A isto debería chamárselle tamén "currículo oculto", e non só ao que aparece nos libros de texto.

### para que?

#### Polo noso alumnado...

...para ofrecer unha visión real da historia, na que numerosas mulleres fixeron valiosas aportacións en moitos ámbitos, aínda que acabaron sendo practicamente borradas da nosa memoria.

...para sensibilizar ao noso alumnado sobre a loita polos dereitos das mulleres, xa que detrás de cada biografía de mulleres artistas, intelectuais, profesionais, etc..., hai unha historia de superación fronte aos prexuízos da súa época.

...para fornecer ás nosas alumnas con modelos cos que identificarse, que lles servan de estímulo para non aceptar teitos profesionais polo feito de seren mulleres.

...para asumir que a transmisión dos roles sexuais se fai de xeito constante, moitas veces inconscientemente, en todas as esferas de acción, e moi especialmente no ámbito público. Mudar o nome do centro pode servir como exercicio de reflexión a respecto destas prácticas discriminatorias e das súas consecuencias, así como para facer explícito e visible o compromiso do centro coa coeducación.

### como?

#### Ben doado...

...en Primaria: débese reunir o Claustro e pronunciarse, e aprobalo o Consello Escolar. Ten que ir acompañado do informe favorable do Concello. Remítese á Consellería, que o aproba "automaticamente", a non ser que haxa motivos para consideralo improcedente.

...en Secundaria: o procedemento é como en Primaria, pero non se precisa informe favorable do Concello.

...así mesmo, desde a Asemblea de Mulleres do STEG solicitamos á Consellería de Educación que nomee, por defecto, os centros educativos de nova creación con nome de muller.

### que nome?

#### Por falta de propostas non vai ser...

...convidámosvos a consultar o noso calendario anual **TEMPO DE MULLERES, MULLERES NO TEMPO**, con entradas de mulleres artistas, políticas, intelectuais, deportistas, profesionais de todos os ámbitos... en cada día do ano hai unha entrada, e con máis de 60 galegas.

## DE MEL

As mulleres indixenas de América autoconvócáanse á **Primeira Cimeira Continental de Mulleres Indixenas**, que se realizará en Chile en 2009. Buscan partillar e analizar as problemáticas que as unen, abrir espazos para a participación real das mulleres en igualdade de condicións, acabando coa práctica de silenciamento e invisibilidade á que son expostas dentro e fóra das súas culturas. Propoñense crear alianzas nacionais e internacionais fronte ás problemáticas que lles son comúns con outros actores sociais, como as afrodescendentes, mestizas, campesinas...

O 68,75% dos mellores expedienteiros académicos en Secundaria no ano 2007 foron de mulleres. Logo do que custou conseguirmos obter o dereito á educación, non sorprende que as rapazas saiban aproveitarlo. Temos unha xeración de mulleres ás que xa non se poderá discriminar laboralmente por "falta de cualificación" e que, confiamos, darán batallas novas polos seus dereitos.

metidas estas mulleres son moitas e moi duras: machismo, racismo, pobreza, analfabetismo... polo que nos enche de orgullo a súa determinación a loitar contra a rede que tecen contra elas, de non permitir que as asfixien.

A loita feminista acumula xa unha longa experiencia da que aprende unha lección fundamental: a fragilidade das súas conquistas e o risco constante de involución na consecución dos dereitos das mulleres. Exemplos históricos non faltan —a mixoxinia romántica, a posguerra española, a "volta o fogar" dos anos cincuenta americanos—, e desde esa perspectiva cómpre analizar a ofensiva ideolóxica que está a sufrir nestes momentos un dos dereitos máis arduamente conquistado polas mulleres: o dereito a abortar. Queda tamén patente a pertinencia das denuncias sobre as carencias da lei vivente que, desde a súa aprobación, veñen facendo os colectivos feministas: a tutelaxe que se exerce desde distintos ámbitos sobre unha decisión que só compete á muller, a situación de vulnerabilidade a que están expostas aquelas que exerzan este dereito, a privatización do seu exercicio... O que está a pasar co tema do aborto é outra inxeción máis do principio de realidade ao que estamos afeitas as feministas: as cousas

## E FEL

cambian, pero moitas veces a peor. Para mellor, para as mulleres, só cambian coa nosa loita. E nela seguiremos até acadar o aborto libre e gratuito, na seguridade social.

As máis de 60.000 denuncias por violencia de xénero presentadas ao longo do ano 2007, xunto coas 84 mulleres asasinadas amosan que esta é unha lacra que non vai ser doada de eliminar das nosas sociedades. A ideoloxía que sustenta a violencia machista goza de moi boa saúde, e é espallada polos mesmos que se escandalizan do que logo chega a acontecer: programas de televisión, películas, a igrexa... seguen a transmitir un modelo de relación de parella no que o nome do que chamamos "amor", todo é aturabile. Temos a responsabilidade social de axudar ás mulleres que sofren violencia de xénero, de condenar aos que a exercen, e tamén, non podemos esquecerlo, de loitar contra todas as prácticas que garanten a perpetuación desta infancia nas xeracións seguintes.